



## Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



## Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **tritución de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola EG2

Eucalipto branco *Eucalyptus globulus* Labill.



**Eucalipto branco**

*Eucalyptus globulus* Labill.

MODELO SILVÍCOLA EG2

Madeira para serra

## 1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

## 2 PLANTACIÓN

- Densidade de plantación inicial: 1.111 plantas/ha.
- Marco da plantación: 3 metros de distancia entre filas e 3 metros de distancia entre plantas.

## 3 MANTEMENTOS

- Primeiro ano: reposición de marras e roza total.
- Roza mecanizada, se é posible, entre liñas de plantación e manual nas liñas de plantas polo menos dúas veces por quenda.



Máis información do modelo

### MODELO SILVÍCOLA EG2

ESPECIE: *Eucalyptus globulus* Labill. Aplicable tamén a especies de eucalip-tos de casca fibrosa, en plantacións puras ou mesturados con *E. globulus*

OBXECTIVO: madeira para serra, chapa e pezas de grandes dimensións. Diámetro obxectivo aos 25 anos de 50 cm, en aproximadamente 200 pés/ha de calidade

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: I, II, III, IV e V da Coruña, VI de Lugo e XVI, XVII, XVIII e XIX de Pontevedra

## 4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- Podas: ata 5,5-6 metros aos 2-3 anos sobre 150-200 pés/ha de porvir seleccionados e espazados 7-9 metros entre si.
- Desmestas: aos 3 anos para deixar 500-600 pés/ha.
- Rareas: aos 6-9 anos ata deixar 150-200 pés/ha.

## 5 CORTA FINAL

- Idade de corta: aos 25 anos; recoméndanse 200 pés de calidade/ha, con destino a madeira de serra e chapa. Ata 40 anos, para ba-teas ou chapa.
- Método de corta: corta a feito con tratamento de restos ou reti-rada para aproveitamento. Rexeneración por replantación.